

REDRUM TEATRO PRESENTA

dirixido por Alex Sampayo

# ROEDORES

Guillermo Carbajo

Laura Míguez



GUILLERMO CARBAJO LAURA MÍGUEZ CARLOS ÁLVAREZ OSSORIO como Beche

Fotografía Cartel TACHO JIMÉNEZ Deseño Fondo Cartel e Álbum Ilustrado RODRIGO CHAO

Vestuario CLOTI VAELLO Son DAVID MACHADO Construción Escenografía ESCENOSSET Iluminación CARLOS ÁLVAREZ-OSSORIO

Produción REDRUM TEATRO Texto ALEX SAMPAYO e BORJA F. CAAMAÑO

Dirección ALEX SAMPAYO

Unha produción de



coa subvención de



AGADIC



coa colaboración de



<http://redrumteatro.wix.com/roedores>



## ROEDORES, UN PROXECTO EDUCATIVO

"**Roedores**" é unha fabula dramatizada que fomenta a igualdade, facendo fincaxe na igualdade de sexo, a través das peripecias dos seus personaxes protagonistas. Un espectáculo que pretende estimular a creatividade dos máis pequenos e potenciar a visión crítica dos maiores.


Trátase de **educar na igualdade**. De conxugar diferentes conceptos e rachar cos esquemas e prexuízos preconcebidos. Queremos transmitirles aos cativos o importante da tolerancia e de estar abertos a imaxinar e respectar. Amosarlles que un hámster e unha rata poden ser tan iguais como eles mesmos queiran. Que as diferenzas externas non son importantes. Todos son roedores que senten, soñan e aman.

*Roedores* propón aos máis pequenos un espectáculo para que entendan, mentres se entreteñen, conceptos como corresponsabilidade doméstica, discriminación de xénero, estereotipos sexuais, linguaxe sexista ou machismo. E que aprendan a apreciar o valor da amizade, o traballo en equipo e a aceptación dun mesmo e dos demais.

*Roedores* é un proxecto que ten como principios que a base da educación en igualdade reside na formación dunha actitude crítica dende a infancia. E iso é o que perseguimos, que a través das aventuras dos nosos personaxes e o **reforzo positivo**, os cativos formen unha opinión que os axude a medrar como individuos tolerantes.

Pero *Roedores* tamén toca outros temas educativos e de actualidade como a importancia da reciclaxe e o coidado do medio ambiente, o respecto e amor polos animais ou a crise económica, e fai unha crítica ao excesivo consumo televisivo nos cativos e ás súas consecuencias no desenvolvemento intelectual e social.

Os nosos roedores protagonistas terán que superar os seus prexuízos e aprender a aceptarse. Só así poderán salvar os seus obstáculos e acadar os obxectivos.





## A COMPANHÍA

**Redrum** é unha compañía teatral creada no 2009 por mozos procedentes do sector audiovisual que nace coa clara intención de ofrecer alternativas creativas que axuden ao desenvolvemento da industria teatral galega.

Apostamos por conxugar grandes valores da nosa escena con novos creadores cunha visión innovadora e arriscada. Entre as máximas da compañía está a posta en escena de espectáculos pensados para o público, primando a claridade na narración e un coidado deseño artístico.

A nosa primeira montaxe "A Pensión", protagonizada por Rosa Álvarez, Guillermo Carbajo e Tamara Canosa foi un éxito de público e crítica. Co noso segundo espectáculo "Moito Conto", fixemos que gozaran nenos e maiores mentres aprendían a reciclar. Con "Curriculum Vitae" fixemos unha crítica ao mercado laboral e ás denigrantes entrevistas de traballo. Na actualidade estamos a percorrer a xeografía galega con "Noiteboa" unha traxicomedia protagonizada por Mela Casal, Ernesto Chao e Guillermo Carbajo.

## OS ACTORES

### PELUDIÑO



**GUILLERMO CARBAJO**  
Amor Flexible  
Curriculum Vitae  
Moito Conto  
A Pensión  
Pratos Combinados

### MUNDA



**LAURA MÍGUEZ**  
Perplexo  
O Home Almofada  
Piratas  
Game Over

### BECHE



**CARLOS ÁLVAREZ-OSSORIO**  
Fémina Sapiens  
Brand  
Ifixenia en Áulide  
A Casa do Pai  
Hamletmaschine

**Faite co álbum  
ilustrado do espectáculo  
por tan só 12€**

Pregunta na túa librería ou entra na nosa web

<http://redrumteatro.wix.com/roedores>

Un espectáculo sobre  
igualdade.  
50 min. de diversión  
para toda a familia.

## REPARTO

Peludiño Guillermo Carbajo  
Munda Laura Míguez  
Beche Carlos Álvarez-Ossorio

## SINOPSE

Peludiño é un hámster que escapou da súa gaiola para vivir aventuras na cidade. Munda é unha rata soñadora que pasa as noites rebuscando no lixo para levar comida para os seus irmáns. Estes dous roedores terán que deixar atrás os seus prexuízos e traballar en equipo para vencer ao temido gato Beche. Xuntos aprenderán que son máis parecidos do que eles pensaban e que as diferenzas os fan especiais.

Ó fin e o cabo...

"Todos somos Roedores".

## AGRADECEMENTOS

Silvia Couto, Enrique Vázquez, Damián Paio, Llerena Perozo, Sonia Tejero, Malele Martínez, José Antonio Sampayo, Marta Horjales, Rubén Porto, Patricia Porto, Librería Lila de Lilith, e especialmente a todos aqueles que vos convertestes en mecenas de "Roedores" a través de Verkami.